


VIII CONGRESO INTERNACIONAL DE AGROECOLOXÍA

· formato ON LINE ·



IMPLEMENTATION OF NEW POLICIES



EVALUACIÓN




DIAGNOSE

Políticas alimentarias para a sustentabilidade



DEFINIÇÃO DE PROGRAMAS E AÇOES



GOBERNANZA PARA LA TRANSICIÓN



PRINCIPIOS XERAIS PARA SOLUCIÓNS (POLÍTICAS)

1, 2 e 3 de xullo de 2020

Facultade de Ciencias Económicas. Universidade de Vigo
Campus Universitario. Lagoas-Marcosende. Vigo

Envío de comunicacións científicas (novos prazos)

Deberase remitir o resumo (cia2020@uvigo.gal) en arquivo de texto, cun máximo de 2 páxinas facendo constar: Autor/a e Título

Data límite: 15 maio.

Recibido o resumo, o Comité Científico remitirá á persoa que apareza como 1ª autora e-mail indicando a súa aceptación ou rexeitamento.

Envío de textos completos

Para os resumos aceptados, os textos completos presentaranse (cia2020@uvigo.gal) en arquivo de texto cun máximo de 15 páxinas, incluídos cadros, gráficas e bibliografía: papel A4, marxes simétricas de 2,5 cm., 1,5 de interliñado e letra verdana 12.

Data límite: 1 de Xuño

Recibido o texto completo, o Comité Científico antes do 16 de xuño remitirá á persoa que apareza como 1ª autora e-mail indicando a súa aceptación ou rexeitamento. A forma de presentación será oral, a través da plataforma de ensino virtual de la Universidade de Vigo.

Presentación de experiencias innovadoras (novos prazos)

El VIII Congreso Internacional de Agroecología quiere O VIII Congreso Internacional de Agroecoloxía quer constituír un espazo para a presentación de experiencias innovadoras no ámbito da gobernanza do sistema alimentario.

Envío da proposta:

Deberase remitir proposta (cia2020@uvigo.gal) en arquivo de texto, cun máximo de 4 páxinas facendo constar: Autor/a, Título da Experiencia; e as seguintes cuestións: En que consiste a experiencia? Cales son os seus obxectivos? Como xurdiu a iniciativa? Cales son os elementos críticos e os limitantes cos que conta? Cal é a situación actual da iniciativa e como se ve o seu futuro?

Data límite: 16 de Xuño

Divulgación e publicación científica dos materiais aceptados

Os textos presentados e aceptados poderán ser publicados:

- Na Revista Soberanía Alimentaria (textos en español)
- Na revista Brazilian Journal of Agroecology and Sus-

tainability (textos en inglés, español e portugués)

- Na revista Agroecology and Sustainable Food Systems (textos en inglés)

- No Libro de Actas do Congreso (contará con ISBN; textos nos idiomas do congreso)

Taxas de inscrición e datas (novas datas e taxas)

Ata o inicio do Congreso

Cota Ordinaria: 90 €

Cota reducida: Estudiantes e Desempregados: 30 €

Para inscribirse coa taxa reducida será preciso presentar documento acreditativo da condición requirida. No caso de coexistir a situación de estudante/desempregado coa de traballador/a con calquera dos autores do texto, tomarase en conta esta última para fixar a taxa de inscrición. Desta forma a cota a aboar será a ordinaria.

A matrícula dá dereito a asistir a todas as sesións, recibir os materiais do Congreso e o libro de actas.

10% de desconto para membros da SOCLA e da UFRP.

Modo de realizar o pago

Matrícula desde Galicia ou Comunidade Autónoma do Estado:

Para realizar o pago da inscrición hai que facer unha transferencia á seguinte conta:

2080 5155 9730 4000 0250

Indicando no concepto ECOECOAGRO, o nome e o DNI.

Matrícula desde o estranxeiro:

Para realizar o pago da inscrición hai que facer unha transferencia á seguinte conta:

IBAN: ES31 2080 5155 9730 4000 0250

BIC: CAGLESMMXXX, indicando no concepto ECOECOAGRO, o nome e o DNI.

Despois de realizado o pago é preciso enviar copia do xustificante de pago á secretaría do Congreso (cia2020@uvigo.gal) e folla de inscrición.

A folla de inscrición pódese descargar aquí:

<http://economiaecoloxica.webs.uvigo.es/docs/novas/86/formulario-galego.pdf>